

8M

8M

8M

*Esta presentación e un pequeno recoñecemento e intento de visualización de mulleres que trascenderon, non polo seu xénero senón polo seu traballo e talento e foron esquecidas no seu momento ou trabadas na súa traxectoria vital.*

*Para non olvidar*

*Para telas en conta*

*Tan só é unha pequena escolla de tantas para invitar a reflexionar e buscar esas outras que non figuran aquí.*

*A ONU tén este ano como lema "Por un mundo dixital inclusivo: Innovación e tecnoloxía para a igualdade de xénero".*

*Pensade nelo, para completar o que aquí se mostra*

Ada Lovelace  
Alaska Packard  
Aleksandra Kollontai  
Alice Guy  
Amalia López Cabrera  
Ana María Martínez Sagi  
Angela Ruiz Robles  
Annette Kellerman  
Bertha Benz  
Carmen de Burgos  
Carmen Conde  
Catalina de Erauso  
Clara Campoamor  
Clara Zetkin  
Coco Chanel  
Concepción Arenal  
Dolors Aleu i Riera  
Elena Jordi

Elena Maseras  
Emilia Pardo Bazán  
Federica Montseny  
Flora Tristán  
Hipatia  
Huda Sha'arawi  
Ida Lupino  
Isabel Barreto de Castro  
Jean Purdy  
Jeanne Baret  
Josefina Carabias  
Josefina Molina  
Kim Bok-Dong  
Julieta Lanteri  
Lisa Meitner  
Louise Michel  
María Andresa Casamayor  
María Bernaldo de Quirós  
María de Maeztu  
Marie Curie  
Margaret Sanger  
Margarita Salas  
Mary Anning

Mary Richardson  
Mary Wollstonecraft  
Mercedes Formica  
Mileva Maric  
Irmáns Mirabal  
Olympe de Gouges  
Pilar Careaga y Basabe  
Raymonde de Laroche  
Rosa Luxemburgo  
Simone de Beauvoir  
Victoria Kent...  
.....  
.....



# *Rita Levi-Montalcini*

neuróloga e senadora  
Italia 1909 - 2012

Premio Nobel de Fisioloxía e Medicina 1986

*Traballou nunha panadería para pagarse a carreira, en contra dos desexos do seu pai de casarse e ter fillos.*

*Montou un laboratorio no seu cuarto cando Mussolini prohibeu aos xudíos facer carreira académica ou profesional. Profesora e directora do Centro de Investigación Neurobiolóxica de Roma. Foise para EEUU, sendo membro da Academia Nacional de Ciencias. Traballou no seu campo ata o seu pasamento aos 103 anos*

*“Después de siglos de inactividad, las mujeres jóvenes pueden ahora mirar hacia un futuro moldeado por sus propias manos”*



## *Antonia Ferrín Moreiras*

**Astrónoma**

**Ourense 1914 Santiago 2009**

*Defendeu a primeira tese de astronomía presentada por unha muller en España.*

*Licenciada en Química, Farmacia e Matemáticas*

*Apartada da docencia logo da República, por envexa anónima.*

*Cautivada polo cosmos, Antonia namorouse das estrelas e conseguiu entrar a traballar no Observatorio da USC en 1950.*

*Antonia lembraba o frío que pasaba no observatorio, a pe do telescopio, nas noites de inverno. As faldas non daban moito abrigo e o pantalón era prenda vetada ás mulleres da época*



# *Hedy Lamarr*

inventora e actriz

Austria 1914 Estados Unidos 2000

*Contribueu no campo das comunicacións inalámbricas, sendo a día de hoxe aplicado as redes móbiles, wifi e bluetooth.*

*Como actriz foi considerada “ a muller máis fermosa de Europa” polo director Max Reinhardt.*

*Sempre quixo ser independente e fuxiu do seu primeiro marido para vivir a vida que quixo. De París a Londres e logo a Estados Unidos*

*“La esperanza y la curiosidad sobre el futuro me parecían mejores que lo seguro del presente. Lo desconocido siempre fué tan atractivo para mí...Y Todavía lo es”*



# *Angeles Albariño*

**Oceanógrafa e zoóloga  
Ferrol 1916 Estados Unidos 2005**

*A primeira muller en traballar como científica nun buque oceanográfico británico. En España non se permitiu ás mulleres ata os anos 70.*

*Descubreu máis de vinte novas especies mariñas e demostrou que a presenza de algúns tipos de zooplankton na auga era o mellor indicador para coñecer a saúde dos nosos mares.*

*Ángeles no só foi unha pioneira no ámbito científico, tamén no social, reivindicando os dereitos das mulleres científicas e a igualdade salarial, o que reclamou de xeito formal cando traballaba en Estados Unidos.*



## *Rosalind Franklin*

**Química e cristalógrafa  
Inglaterra 1920 - 1958**

*Outra desas mulleres que non tiveron o recoñecemento debido.*

*Capturou a información gráfica que demostraba a dobre hélice do ADN. Catro anos despois da súa morte por un cancro de ovarios, foron Watson, Crick e Wilkins os que gañaron o Nobel polo descubrimento da estrutura do ADN.*

*Costoulle moito facer a súa carreira científica. O seu pai non estaba dacordo en que estudara e pediulle que dera a súa beca a algún estudante que a merecera.*

*“La ciencia para mí, explica parte de la vida. Hasta donde llega, se basa en hechos, experiencias y experimentos”*



# *Valentina Tereshkova*

astronauta e enxeñeira  
Rusia 1937

A primeira muller en ir ao espazo exterior

*Estudou ata os 16 anos e logo por correspondencia.*

*Atreveuse co paracaidismo. Isto e a pertencencia ao partido fixeron que poidera ir ao espazo.*

*Para elo tamén enganou á súa nai dicíndolle que estaba nun campionato de paracaidismo.*

*“En la tierra, los hombres y las mujeres corren los mismos riesgos. ¿Por qué no deberíamos hacer lo mismo en el espacio?”*



# *Elisabetta Sirani*

**Pintora**  
**Italia 1638- 1665**

*Foi unha das últimas representantes do barroco da escola boloñesa. Por ser muller no puido formarse na academia, pero fixoo no taller do seu pai e aos 19 anos xa era unha artista profesional con proxección internacional.*

*Producía obras de calidade rápidamente, de feito antes da súa prematura morte, aos 27 anos tiña creado máis de 200 obras.*

*Cuestionouse que as obras poidesen non ser súas, dubidábase que unha muller poidera pintar tan ben. ¿Dónde encontramos as súas obras? : National Museum of Women in the Arts en Washington, na Galleria d'Arte Antica en Roma ou na Pinacoteca Nacional de Bolonia*





*¿Por qué pensamos que as pinturas rupestres foron cousa de homes?*

*Pregunta*

**“Los artistas prehistóricos podrían haber sido mujeres”**

**National Geographic**

<https://www.nationalgeographic.es/ciencia/los-artistas-prehistoricos-podrian-haber-sido-mujeres>



## *Jocelyn Bell*

**astrofísica  
Irlanda do Norte 1943**

*Foi quén de dar con un “pulsar” logo de dous anos construíndo un telescopio e kilómetros de papel de anotacións.*

*O seu director de tese, Antony Hewish obtivo o Nobel por ese traballo.*

*Mentres Hewish daba conferencias por ese descubrimento, a ela preguntábanlle polo seu peiteado ou se tiña noivo.*

*“Además de referentes como la Nobel Marie Curie, la sociedad necesita modelos normales, cotidianos, para generar vocaciones científicas en las niñas”*



## *Lluïsa Vidal*

Pintora  
1876 - 1918

Foi unha pintora española do modernismo catalán. Activista feminista, as mulleres son as grandes protagonistas nos seus cadros e conseguiu ser moi recoñecida e vivir do seu arte. Logo do seu pasamento desapareceu como tantas outras e borrouse a sinatura dos seus cadros para atribuilos a outros contemporáneos varóns. Algunhas das suas obras rescatadas atópanse no Museu Nacional d'Art de Catalunya.



# *Elizabeth Blackwell*

médica  
Inglaterra 1821-1910

*A primeira médica titulada en Estados Unidos.*

*Logo de enviar unha chea de solicitudes a moitas universidades, aceptáronna na Universidade de Geneva de Nova Iorque.*

*Os seus compañeiros de estudos non entedían qué facía alí e os profesores tiñan vergoña nas clases de anatomía.*

*“Si las disposiciones actuales de la sociedad no permiten el libre desarrollo de las mujeres, entonces la sociedad debe ser remodelada”*

A black and white portrait of a woman with dark hair styled in an updo, wearing a dark, high-collared garment. The portrait is positioned on the left side of the page, partially overlapping a white text box on the right.

## *Manuela Barreiro*

**Farmacéutica**  
**Viveiro 1877 Madrid 1953**

**Manuela Barreiro foi a primeira muller licenciada na Universidade de Santiago de Compostela. Foi en 1901 cando conseguiu o seu título de Farmacia. Debido as limitacións impostas as mulleres naquela época, tivo que pedir permiso para matricularse na carreira e, máis adiante, para exercer a profesión.**

**Manuela mantivo unha enérxica loita para que as mulleres poideran estudar e dedicarse a profesións vetadas . Logo de licenciarse abriu a súa propia farmacia en Ribadeo, en activo ata 1933, dous anos despois de xubilarse**



***Angeles Santos***

Apasionada da pintura, foi unha das artistas españolas máis brillantes do S.XX. Comenzou a pintar moi xoven, e con 18 anos realizou unha das súas obras máis famosas: *Un Mundo*, no que retratou o seu propio universo interior motivado por uns versos do poeta Juan Ramón Jiménez.

Traballou o surrealismo e o expresionismo, con influencias do realismo máxico.

Rompeu os roles de xénero da época, o que lle levou a ser internada nun psiquiátrico, por unha suposta obsesión coa pintura, pois nesa época non estaba ben visto que unha muller fose pintora.



## *Moitas, moitísimas*

*Todas as mulleres que por selo non foron nin son libres de facer o que queren, o que saben, o que poden....*

*Todas as mulleres que non teñen por qué ser heroínas, extraordinarias, excepcións, triunfadoras.... para ter o que lles corresponde nun plano de igualdade*

*Todas as mulleres...avoas, fillas, nais, parentes, compañeiras, colegas, calquera delas que chegaron tarde, chegan mal ou non dan chegado*

***Elas mesmas***